



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería xeriátrica e coidados paliativos

Materia	Enfermería xeriátrica e coidados paliativos			
Código	O51G140V01304			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense) Dpto. Externo			
Coordinador/a	Cadavid Rodríguez, Amalia			
Profesorado	Cadavid Rodríguez, Amalia Pérez Rodríguez, Raquel			
Correo-e	Amalia.Cadavid.Rodriguez@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abordárase o coñecemento xeral e específico da Xeriatria e da Xerontoloxía, para proporcionar coidados de enfermaría ao paciente ancián. Estudaranse as teorías do envellecemento, os aspectos clínicos, sociolóxicos, etc. do envellecemento así como os coidados de enfermaría necesarios para o ancián, tanto enfermo como san.			

Competencias de titulación

Código	
A41	Comprender os cambios asociados ao proceso de envellecemento e a súa repercusión na saúde.
A42	Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecemento.
A43	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes nos anciáns
A44	Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciá.
A49	Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia.
A53	Coñecer os coidados paliativos e control da dor para prestar coidados que alivien a situación dos enfermos avanzados e terminais

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender os cambios asociados ao proceso de envellecer e a súa repercusión na saúde.	A41
Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecer.	A42
Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes nas persoas maiores.	A43
Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciá.	A44
Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e da familia.	A49
Coñecer os coidados paliativos e o control da dor para prestar coidados que alivien a situación dos enfermos avanzados e terminais.	A53

Contidos

Tema

O envellecemento: marco conceptual. Aspectos xerais do proceso de envellecemento.	Tema 1.- Conceptos xerais: xerontoloxía, xeriatría. Introducción á xeriatría. O medicamento xeriatrico. Tema 2.- Aspectos éticos en relación co coidado do ancián: aplicación da alta tecnoloxía, decisións en torno ao domicilio, dereito ao consentimento informado, dereitos domésticos. Problemas éticos en relación con situacións terminais.
Enfermaría xerontolóxica.	Tema 3.- Patoloxías psiquiátricas no ancián. Papel da enfermaría. Tema 4.- Depresións no ancián. Tema 5.- Trastornos do sono no ancián. Tema 6.- Hipertensión arterial. Tema 7.- Insuficiencia cardíaca. Tema 8.- Patoloxía tiroidea no ancián. Tema 9.- Enfermidade cerebrovascular. Tema 10.- Tremores e enfermidade de Parkinson. Tema 11.- Demencias. Tema 12.- Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica no ancián. Tema 13.- Infeccións de ouriños. Tema 14.- Insuficiencia renal crónica. Tema 15.- Estreñimento e impactación fecal. Tema 16.- Osteoporose.
O contexto socio-sanitario da poboación ancián.	Tema 17.- Ancián e fármacos. Factores responsables da modificación da resposta farmacolóxica nos anciáns. Reaccións adversas. Interaccións medicamentosas. Tema 18.- Necesidade de crenzas, autorrealización e aprendizaxe. Necesidade de oxixenación, alimentación, eliminación. Necesidade de expresión da sexualidade.
Niveis asistenciais.	Tema 19.- Manexo xeral e extrahospitalario do paciente xeriatrico. Tema 20.- Os niveis asistenciais xeriatricos. Tema 21.- A Atención Primaria na atención ao ancián. Tema 22.- Aspectos clínicos do seguimento do paciente xeriatrico.
Teorías do envellecemento.	Tema 23.- Envellecemento normal. Tema 24.- Proceso de envellecemento. Cambios biolóxicos e físicos. Tema 25.-Teorías.
Modificacións morfo-funcionais e psicosociais do envellecemento.	Tema 26.- Avaliación física do ancián. Tema 27.- Cambios psíquicos e sociais. A xubilación. Tema 28.- Avaliación da función cognoscitiva do ancián. Tema 29.- Saúde bucal. Valoración de perdas visuais e auditivas.
O ancián enfermo. Valoración integral.	Tema 30.- O paciente xeriatrico. Concepto. Tema 31.- Características do paciente xeriatrico. Deficiencia, incapacidade e minusvalía.
Ancián fráxil.	Tema 32.- Conceptos de: ancián san, ancián enfermo, ancián de alto risco na comunidade ou "ancián fráxil". Características do ancián fráxil (alteración intelectual, inmovilidade, inestabilidade, incontinencia, iatrogenia); normas básicas para a prescrición de medicamentos.
Grandes síndrome xeriatricas.	Tema 33.- Síndrome de inmovilismo. Tema 34.- Caídas. Tema 35.- Incontinencia urinaria. Tema 36.- Síndrome confusional agudo: "unha síndrome xeriatrica" en alza. Tema 37.- Úlceras por presión.
Coidados paliativos.	Tema 38.- Atención de enfermaría ao ancián con patoloxía oncolóxica. Tema 39.- Coidados paliativos. Tema 40.- Sedación na agonía no ancián terminal.
Seminarios Módulo 1. Valoración do paciente ancián.	Avaliación física no ancián. Cambios anatomo-fisiolóxicos. Valoración funcional das necesidades. Índice de Katz, escala de P.G.C., etc.
Módulo 2. Coidados de enfermería nas situacións máis frecuentes a nivel xeral, no paciente ancián.	Manexo do tratamento farmacolóxico. Actuación fronte a: hipo e hipertermia, UPP, queimaduras, hemorragias, accidentes domésticos, situación illamento social, maltrato e abandono do ancián. Control e manexo das enfermidades crónicas.
Módulo 3. Coidados de enfermería no ancián cardiópata.	Alteracións cardíacas máis frecuentes no ancián. Control e manexo do tratamento farmacolóxico. Medidas preventivas, educación para a saúde.
Módulo 4 . Coidados de enfermería no ancián con alteracións neurolóxicas (ACV), alteracións cognitivas e dexenerativas.	Alteracións neurolóxicas: ACV, enfermidade de Parkinson. Alteracións cognitivas e dexenerativas: demencia, enfermidade de Alzheimer, SCA, depresión, ansiedade.

Módulo 5. Cuidados de enfermería no ancián broncópata.	Alteracións respiratorias máis frecuentes no ancián. Control do tratamento farmacolóxico. Medidas preventivas, educación para a saúde.
Módulo 6. Cuidados de enfermería no ancián con alteracións dixestivas.	Actuación enfermeira nas alteracións dixestivas agudas e crónicas no ancián. Cuidados de enfermería na administración da dieta e da medicación pola vía dixestiva.
Módulo 7. Cuidados de enfermería no ancián con alteracións urinarias.	Alteracións urolóxicas máis frecuentes no ancián. Medidas preventivas e cuidados de enfermería na incontinencia urinaria. Manexo dos diferentes dispositivos de incontinencia.
Módulo 8. Cuidados de enfermería no ancián con alteracións osteo-articulares. Caídas no ancián.	Dispositivos de axuda para a prevención de caídas. Técnicas de mobilización con dispositivos de axuda para a deambulación (marcha con andador, muletas, bastón). Medidas preventivas para diminuír o risco de caídas e as súas complicacións, no ancián autónomo e/ou dependente.
Módulo 9. Cuidados paliativos de enfermería no ancián.	Unidades de cuidados paliativos. Cuidados de enfermería ao paciente e a familia.
Módulo 10. Cuidados ao cuidador principal.	Medidas preventivas, educación para a saúde, recomendacións para a/o cuidador/a do ancián.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	12	7	19
Traballos tutelados	0	5	5
Titoría en grupo	12	0	12
Sesión maxistral	50	30	80
Probas de resposta curta	2	15	17
Probas de tipo test	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre cada tema específico: presentación e manexo do material correspondente, práctica de técnicas e procedementos relacionados en cada caso, etc que permiten profundar e/ou complementar os contidos da materia.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado, para o asesoramento sobre os contidos, actividades e procedementos utilizados no proceso de aprendizaxe da materia.
------------------	---

Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Seminarios	<p>A avaliación da parte de seminarios desta materia, contará con dous apartados, o que no global suporá un 25% da puntuación total da materia.</p> <p>1º avaliación, continua: farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación das habilidades e destrezas mostradas polo alumnado, durante a realización das actividades prácticas nos seminarios, así como a súa participación nos temas expostos na aula.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 10% da puntuación total correspondente aos seminarios.</p> <p>2ª avaliación, proba tipo test: en relación aos contidos impartidos nos seminarios. Esta proba constará de 30 preguntas, con 4 opcións de resposta, sendo só unha delas válida, utilizando a fórmula (A-E), acertos (A) menos erros (E).</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 15% da puntuación total correspondente aos seminarios. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico.</p> <p>Será preciso ter superado as dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios, o cal será necesario para poder superar a materia.</p> <p>A asistencia aos seminarios é obrigatoria, cando menos no 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o alumna/o, pasará a ser avaliado según os criterios establecidos para a "modalidade non presencial".</p>	25
Probas de resposta curta	<p>Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. O alumnado deberá responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.</p> <p>Nota de corte: 6</p> <p>É preciso aprobar esta parte, para poder facer media coa proba tipo test.</p>	45
Probas de tipo test	<p>Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos, ...). O alumnado deberá seleccionar unha resposta entre un número limitado de posibilidades.</p> <p>Nota de corte: 6</p> <p>É preciso aprobar esta parte para poder facer media coa proba de resposta curta.</p>	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade non presencial (seminarios)

A esta modalidade, poderase acoller o alumnado que con causa debidamente xustificada, non lle sexa posible asistir ao 90% do total de horas asignadas para os seminarios, para o cal deberán ao inicio do cuadrimestre en que se imparta a materia, comunicar a profesora responsable da mesma, mediante solicitude por escrito, do paso a "modalidade non presencial", indicando cal é a causa que debidamente xustificada, impide a súa asistencia aos mesmos.

No caso daquelas/es alumnas/os que por diferentes motivos, e sempre xustificados, aínda asistindo a algún seminario, non cheguen a acadar a asistencia establecida do 90%, pasarán igualmente a esta "modalidade non presencial".

A avaliación da modalidade non presencial

A/o alumna/o, deberá realizar 1º, unha proba práctica en aula, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico, para a 1ª edición. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 10% da puntuación total correspondente aos seminarios.

En 2º lugar, a/o alumna/o, deberá realizar unha proba tipo test, en relación aos contidos impartidos nos seminarios. Dita proba constará de 30 preguntas, con 4 opcións de resposta, sendo só unha delas válida, onde se utilizará a fórmula (A-E), acertos (A) menos erros (E). A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 15% da puntuación total correspondente aos seminarios. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico para a 1ª edición.

Será necesario ter superado estas dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios da materia, o cal será necesario para poder superar a materia.

2ª edición

A/o alumna/o deberá: no caso de non ter superada a avaliación continua (modo presencial) ou o proba práctica (modo non presencial), realizar un exame práctico, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia, a realizar na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición. No caso de non ter superada a proba tipo test, a/o alumna/o, deberá novamente realizar un exame tipo test (con os mesmos criterios establecidos para a 1ª edición) na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición.

Será necesario ter superado as dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios da materia, o cal

será necesario para poder superar a materia.

Outros comentarios

- As datas oficiais de exame marcadas para esta materia, nas dúas edicións correspondentes, poderanse consultar na páxina web así como no taboleiro de anuncios do centro.
- Utilizarase a plataforma Faitic, da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente, co alumnado (temario, anuncios, cualificacións, etc) para o cal será necesario, que ao inicio do cuadrimestre, o alumnado revise individualmente, si está correctamente dado de alta na plataforma, para así poder utilizar este servizo.

Bibliografía. Fontes de información

Francisco Guillén Llera, Isidoro Ruipérez Cantera, **Manual de Geriatría**, Salgado Alba, 3ª Edición,
Gammack J.K., Morley, J.E., **Clínicas Médicas de Norteamérica, Volumen 90, nº 5**, 2007,
Misericordia García Hernández, María Pilar Torres Egea, Esperanza Ballesteros Rodríguez, **Enfermería Geriátrica**, 2ª Edición, reimpresión revisada (2006),
Francisco Guillén Llera, Jesús Pérez del Molino Martín, **Síndromes y Cuidados en el Paciente Geriátrico**, 2ª Edición,
M. Burke y M. Walsh, **Enfermería Gerontológica. Cuidados integrales del paciente mayor**, 2ª Edición (1998),
D.L. Carnevalli, M. Patrick, **Tratado de Geriatría y Gerontología**, 2ª Edición - 1988,
D.L. Carnevalli, M. Patrick, **Biblioteca de Enfermería Profesional; Tomos 11 y 12 - Enfermería Geriátrica**, 1996,
Medicine, **Enfermedades Geriátricas. Unidad temática 62, 10ª serie 2010; 10 (62): 4249 - 4321**, enero 2011,
Ackley J. Betty; Ladwig B. Gail, **Manual de Diagnósticos de Enfermería. Guía para la planificación de los cuidados**, 2007,
Frances F. Rogers-Seidl, **Planes de Cuidados de Enfermería Geriátrica**, 1996,
Manuel Quintanilla Martínez, **Enfermería Geriátrica. Cuidados integrales en el anciano. Tomos I y II**, 2004,
Misericordia García Hernández, Rosa Martínez Sellarés, **Enfermería y envejecimiento**, 2012,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405
Prácticas clínicas V/O51G140V01406
Saúde, dependencia e vulnerabilidade social/O51G140V01412

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría en saúde mental/O51G140V01305
Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101
Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104
Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105
Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107
Psicoloxía: Psicoloxía/O51G140V01102
Enfermaría clínica I/O51G140V01204
Enfermaría clínica II/O51G140V01205
Enfermaría comunitaria II/O51G140V01206
Ética e lexislación/O51G140V01202
Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203
Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201
Prácticas clínicas I/O51G140V01208
Enfermaría clínica III/O51G140V01301
Enfermaría en saúde mental/O51G140V01305
Enfermaría materno-infantil/O51G140V01302
Prácticas clínicas II/O51G140V01303